

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

Miguel Anxo Fernán Vello: "A literatura é un destino"

18.08.2010 Opina que a escrita forma parte da bioloxía e considera que a poesía ten moito que ver coa música de Bach

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

O seu traballo como editor non lle permite gozar das vacacións, aínda que xa hai tantos anos que Miguel Anxo Fernán Vello non ten vacacións "convencionais" que está acostumado. Considera que a lectura e a escoita de música son un alimento, un osíxeno que hai que respirar para vivir. Para el, o O2 arrecende agora mesmo a Cabo Verde e a grandes mestres da literatura e o xornalismo. Ademais, gusta de ver pasa-la vida tomando cañas e para el a perfección é a mestura da luz do verán coa do outono.

Está a ter un verán de pracer ou de traballo?

Teño un verán de traballo dado a miña profesión como editor e tamén coma persoa que colabora na prensa. Teño un verán como case tódolos demais, non teño tregua.

Ten algún plan para pasa-lo verán?

Eu dende hai moitos anos non teño vacacións organizadas, nunca uso esa fórmula convencional de vacacións que comezan tal día e rematan tal día. Nunca gocei, dende que era neno, de vacacións organizadas e convencionais.

Entón dubido moito que estea pensando en practica-lo Xacobeo...

Non, nunca practiquei o Xacobeo nin percorrín ningún tramo por mínimo que fose do Camiño de Santiago. De tódolos xeitos, aínda así recoñezo que é unha das rutas culturais históricas máis importantes da historia da humanidade.

Cun verán tan cheo de traballo, ten algún proxecto para a próxima temporada?

Agora hai unha serie de libros de poemas que están sendo traducidos a outras linguas. Por exemplo, acaba de saír un libro en alemán e outro en italiano, e teño outras traducións en marcha. Iso obriga a estar enriba das traducións, dos textos. Pola outra banda, teño un libro de poemas novo recentemente rematado.

Que é o que lle gusta máis do verán?

A luz, a luz do verán paréceme marabillosa, e cando se funde coa luz do outono iso significa a perfección.

Para vostede, o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

Para min é unha estación luminosa, claro, e isto alegra o espírito, pero fóra diso o meu tempo é sempre moi concentrado na literatura, na lectura, na audición de música... A miña vida está absolutamente rodeada de libros e os libros para min forman parte da paisaxe, son elementos vivos.

Entón pódese dicir que o escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

No meu caso dende a perspectiva do editor vivo nun pequeno claro do bosque que me permiten os libros que me rodean. Agora, no meu estudio, estou rodeado de libros por tódolos lados.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Eu prefiro tomar unhas cañas, aproveitando ese momento para ver pasa-la vida.

Seguindo coas escollas, se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Ábrese un abismo de posibilidades... Con Johann Sebastian Bach, sendo un pouco esixentes. Escolleríao porque el posuía o segredo absoluto da harmonía e podería aprender del algo profundo, co que tanta relación ten a poesía: o ritmo, a harmonía, as cadencias do cosmos, e todo iso está na música de Bach.

Dixo que está lendo e escoitando música.

Leo ó mesmo tempo moitos libros, xa non leo un só. Estou lendo a *Anthology of Galicia Literature*, por Jonathan Dunne, unha antoloxía sobre a literatura galega contemporánea traducida ó inglés. Tamén estou relendo *Dos soños teimosos* de Uxío Novoneyra e estou lendo un libro de Kapuscinski que se titula *El Imperio*. Ademais estou lendo, dende onte, *Xuvia-Neda* de Vicente Aragas. Pola outra banda, en canto á música, opino que é un alimento, igual que a lectura. É un osíxeno que hai que respirar para vivir, e funciona coma un alimento.

Están entre o seu repertorio os grandes éxitos de Georgie Dann?

Non, non (risos). Sei quen é pero non. Escoito música moi distinta, non estou obsesionado nin coa música sinfónica nin con ningún outro tipo de música. Ás veces collo a Dmitri Shostakovich e escóitoo de forma sistemática durante un tempo. Agora estou investigando unha música que me interesa moito polo efecto que ten, a música caboverdiana, coñecida principalmente pola cantante Cesária Évora. Podo escoitar música popular e ó mesmo tempo a exquisitez de Shostakovich ou Bach, non son para nada sectario. Tamén me gusta un bo blues interpretado por un vello guitarrista, ou mesmo temas de jazz.

Aproveita o verán para practicar algún deporte?

O único deporte que practico, se se puidese chamar así, é o paseo, pero non moito. O deporte está ben nunha idade da vida pero creo que a partir de aí pode mesmo ser lesivo para o corpo humano.

A literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

É unha profesión, é un hobby e é un destino, que talvez forme parte da personalidade biolóxica. Un non o busco, senón que é algo que forma parte da súa bioloxía.

Como é o primeiro día de escritura trala temporada de vacacións? Custa arrincar?

Eu creo que cada escritor ten as súas fórmulas de traballo, e as súas formas e métodos, o seu libro de estilo. Para min, a escrita está tan unida á lectura que son elementos que se estimulan entre si e polo tanto escribir, ademais no meu caso na escrita periódica, no articulismo, xa hai unha ximnasia e as palabras son compañeiras de viaxe.

O PERFIL

Nome: Miguel Anxo Fernán Vello

Lugar de nacemento: Cospeito (Lugo)

Ano de nacemento: 1958

Obras: *Do desexo en corpo e sombra* (1984), *Cuarteto para unha noite de verao* (1988), *Trópico de lúas* (1992), *Poemas de lenta nudez* (1994), *Territorio da desaparición* (2004)...

Premios: Premio de Poesía Celso Emilio Ferreiro por *Do desexo en corpo e sombra*, Premio da crítica española por *Seivas de amor e tránsito* (1994) e *Territorio da desaparición*, Premio Esquíu de poesía por *Memorial de brancura* (1992)...

Ademais: Colabora en prensa e é fundador e director da editorial Espiral Maior (1991).